

BOMBEIRO FORESTAL. A revista do SPDCIF



Autonómica

Primavera
2015
Número 1

O SPDCIF, A XUNTA E NEWTON

Como a engranaxe da cadea no piñón, cada dente que avanza consolida unha inercia que so frea segundo leis da física cando algún elemento ou forza a para.

Así actúa a Xunta de Galiza co servizo do SPDCIF, nunha enfermiza persecución deste empecinada no seu acoso e derribo, esmorecendo por veces nun "stand by" que busca a súa morte por inanición. Exerce sempre de timonel o director xeral de montes Tomas Couto, coñecedores do suculento pastel que poden deixar ás empresas amigas.

Si xa temos claro e definido o actor fundamental que impulsa o movemento da cadea de destrución, tamén temos claro cal é a actitude e o único camiño para rachar esta e exercer así de forza que rompa a inercia.

Vimos de ser actores activos, fai escasas datas, dunha nova afronta cara o SPDCIF por parte do goberno da xunta coa negativa a reclasificación da categoría do SPDCIF, sendo o único grupo da cámara que se opuxo a esta reclasificación.

Un inicial compromiso, ó recibírnos o grupo popular, de boas formas totalmente baldío de intencionalidade que posteriormente deixou as claras a verdadeira actitude do actual goberno da xunta, xa que diante dunha proposta que non supuña contía económica a maiores e garantía unhas mellores condicións de salubridade no traballo preferiron opoñerse sen nengún tipo de argumento.

Nesta mugrenta cadea ningún piñón engrana por casualidade, o rexeitamento a proposta de bombeiro forestal fuxe de razóns obxetivas ou criterios de xestión,

únicamente obedece o desexo anteriormente expresado de pasar o pastel do público ás mans amigas do privado, onde calquer medida que poida reforzar o servizo público produce urticaria na Xunta.

Son compañeiras desta cadea a retirada de helicópteros das bases da xunta, a non cobertura de vacantes, a amortización de prazas de medio rural, a entrega de motobombas e brigadas ós concellos con fins electoralistas e perseguindo a precarización do emprego, a dispersión do operativo en máis de dez "entes", a falta dun programa de prevención anual máis alá da extinción recollida no pladiga, e como non o amor platónico, e investigado pola fiscalía, que profesa o gran xefe supremo Tomas Couto cara as contratadas e subcontratadas das aeronaves de extinción.

Certo é que seguir crendo nalgunha posibilidade de resolución ou melloramento vía institucional a día de hoxe xa competiría á dimensión do paranormal e o esotérico e, como o tempo é finito recurriremos pois as leis da física, á continua oxidación da cadea, e o noso gustoso ofrecemento como corpo que exerza a forza na dirección contraria.

Exerceremos pois na reivindicación continua na rúa, diante da administración ou na vía xudicial para impedir este trasvase público privado que so persegue a precarización laboral e o reparto de beneficios sen albiscar, sequera de lonxe, algún plan de xestión integral do monte galego donde o SPDCIF xogou e xogará un importantísimo papel.



ÍNDICE

Editorial	1	O PP rexeita a clasificación de bombeiro forestal	5	Nocturnidade durante as vacacións	7
Delegados da CIG Ourense	2	Foi noticia	6	Breves	8
Eleccións sindicais Medio Rural	3	A fiscalía aprecia irregularidades nos contratos con INAER	7	"Europe in Flames", cita en Bruxelas con bombeiros forestais de toda Europa	8
A Xunta retira os helicópteros das bases	4				

MOBILIZACIÓN



Entramos agora nos tempos de pasar dos ditos os feitos, de extrapolar as promesas do papel ó traballo en sí, e garantir a continuidade e mellora SPDCIF como servizo público

DELEGAD@S DA CIG OURENSE E DISTRIBUCIÓN DE HORAS SINDICAIS

O pasado 5 de Marzo celebráronse as eleccións sindicais para o comité de empresa da consellería do medio rural e do mar, das cales a CIG obtivo unha representación de cinco delegad@s.

Dende o pasado mes de Xaneiro, o Gupo da CIG Ourense do SPDCIF, organizase en asembleas abertas vinculantes como xa publicamos na revista anterior, das cales se extraen varios compromisos que agora pasarán a desenrolarse.

Xa no periodo preelectoral, @s candidat@s da CIG asinaron un compromiso ético de desenrolo de traballo que levara implícita a renuncia ó cargo no caso de non cumprir o acordado ou no caso de que a asemblea o considerara necesario. Caibe dicir que estes compromisos son de tipo ético xa que o cargo de delegad@ é persoal e non pertence nin a asemblea nin a organización sindical.

No tempo que transcorreu dende as eleccións ate día de hoxe, seguimos desenrolando asembleas nas cales se abordou o reparto horario e de traballos cara os tempos vindeiros, e seguindo a política de transparencia que pretendemos aplicar facemos aquí público o acordado nestas asembleas.

Por operatividade decidiuse que os compromisos tiveran a duración dun ano, a contar dende a concesión das novas horas, no que atinxe a liberacións e distribución horaria xa que o periodo mínimo legal é de seis meses.

Haberá unha liberación a tempo completo, e o resto de compañeir@s disporán de catorce horas (salvo un caso excepcional), o que corresponde a dúas xornadas.

@S delegad@s que saíron elixidos pola CIG e as horas que terán son as seguintes:

- Manuel Chan Muñoz, catorce horas.
- Eduardo González Pérez "Eri", catorce horas.
- Roberto Quiroga López, Vinte horas (turno de dez horas).
- Xosé Barxa Blanco, catorce horas .
- Raúl Vázquez Meréns, liberado a tempo completo..

O delegado da sección sindical será Manuel Martínez Méndez "Sankei" con catorce horas sindicais.

Estas serán as persoas que ostentarán a representación no comité de empresa, pero o organo decisorio e motor do traballo desta central será a asemblea que se celebrará tódolos primeiros xoves de cada mes ás 17:00 no local da CIG de Ourense, a maiores das que se poidan celebrar en comarcas como polos distritos.

Entramos agora nos tempos de pasar dos ditos os feitos, de extrapolar as promesas do papel ó traballo en sí, e garantir a continuidade e mellora SPDCIF como servizo público.



ELECCIÓN SINDICAIS Ó COMITE DE EMPRESA DE MEDIO RURAL.

O pasado 5 de marzo en horario de 09:00 a 18:00 horas, desenvóléronse en diferentes mesas o proceso de votacións para o colexio de técnicos e de especialistas da Consellaría de Medio Rural

As mesas electorais estaban organizadas arredor da mesa central, sita na delegación de medio rural na rúa florentino cuevillas, e a maiores mesas móbiles percorreron diferentes comarcas e distritos alonxados de Ourense Cidade.

Para o colexio de técnicos só había unha única mesa central na delegación de Medio Rural.

Os resultados definitivo s do colexio de técnicos:

Sobre un censo total de 29 persoas , votaron 24, un 82.75 %.


CSIF	13 votos	1 delegado
CCOO	5 votos	0
CIG	2 votos	0
UGT	0 votos	0
Votos nulos	3	

Para o colexio de especialistas sobre un censo total de 537 persoas, votaron 416, unha porcentaxe do 77.46 %.

CCOO	182 votos	7 delegados
CIG	132 votos	5 delegados
CSIF	65 votos	3 delegados
UGT	30 votos	1 delegado
Votos Nulos	6	
Votos en branco	1	

A continuación desglosamos os resultados no colexio de especialistas:

	CCOO	CIG	CSIF	UGT	NULOS	BRANCOS
VALDEORRAS - TRIVES	40	24	12	3		
BANDE - A LIMIA	38	7	15	13	1	
VERÍN - VIANA	46	34	8	3		
MESA CENTRAL OURENSE	58	67	30	11	5	1



A XUNTA PERMITIU A RETIRADA DOS HELICÓPTEROS DAS BASES QUE TENEN PERSOAL DA ADMINISTRACION E SEGUE A PERMITIR A XESTIÓN DOS LUMES POR PARTE DUNHA EMPRESA PRIVADA

A XUNTA RETIRA OS HELICÓPTEROS DAS SÚAS BASES

As bases de helicópteros de extinción de incendios de Vilamaior, Marroxo e Campiño están sen helicópteros dende o pasado trece de Maio.

A empresa concesionaria decidiu a súa retirada destas bases nas que o persoal das brigadas pertence a Xunta de Galicia en favor doutras bases con persoal da empresa privada.

Dende a CIG denunciámos públicamente que a consellería de medio rural deixa a xestión do operativo aos intereses dunha empresa privada en contra das necesidades do servizo de extinción incendios .

Casualmente a dúas destas bases (Marroxo e Vilamaior) retirouse o helicóptero nun momento delicado no que un lume arrasaba máis de cen has, en Vilariño de Conso, en plena zona protexida pola rede Natura.

Demandamos da consellería a reposición inmediata dos helicópteros destas tres bases , desplazando helicópteros doutras que non teñen practicamente carga de traballo, así como a incorporación do persoal propio da xunta as brigadas de helicóptero desprivatizando un servizo que sempre funcionou mellor con persoal propio, os datos do Ministerio de Medio Ambiente en canto a eficacia, corroboran esta afirmación.

Acusamos a Xunta de Galicia de agravar o problema dos lumes coa privatización, xa que o aumento dos lumes implica directamente o aumento dos cartos a

gañar pola empresa privada podéndose converter nun círculo vicioso... máis lume , máis cartos.

A xunta permitiu a retirada dos helicópteros das bases que teñen persoal da administración e segue a permitir a xestión dos lumes por parte dunha empresa privada.

Dende a CIG parécenos fundamental rachar o binomio intereses económicos e lume forestal polo ben do noso Patrimonio Medio Ambiental.

Non deixa de ser grave a situación xa que a propia administración contratou un helicóptero con brigada para tres campañas por máis de nove millóns de euros, é dicir dezaioito veces máis do que lle costaría mercalo (lembrems que este aparato tén perto de 40 anos).

Está claro que os últimos movementos da Xunta, lonxe están de tentar solventar a lacra dos lumes e máis parecen favorecer a certas empresas privadas as cales se benefician claramente de adxudicacions públicas en detrimento da eficacia contrastada dun Servizo de Prevención e Extinción que e unha referencia no Estado e canto a eficacia e experiencia.

Dende a CIG esiximos que de forma inmediata que se volva a dotar de helicópteros a estas bases da Xunta, as cales dispoñen de persoal de gran experiencia para rentabilizar da mellor forma posible o diñeiro público que costan estes helicópteros, e se deixe de utilizar diñeiro publico para posibles beneficios de empresas amigas.



O PP REXEITA A CLASIFICACIÓN DE BOMBEIRO FORESTAL.

O pasado seis de Maio, produciuse a votación no parlamento para o recoñecemento da categoría de Bombeiro forestal, votación na que só o P.P. votou en contra.

Despois de varios meses de periplo administrativo seguindo os pasos obvios e necesarios da tramitación parlamentaria, chegouse ó momento decisivo, o momento onde as palabras tornan en feitos palabras e toca definirse.

Si ben ó noso parecer en primeira instancia nos parecera de boa acollida, aínda de sabernos en ambientes óptimos para a teatralización, no momento que se tratou en comisión este tema o P.P. puxo as cartas cara arriba e votou en contra da nosa proposta, votación onde apenas poido argumentar motivo algún para opoñerse.

Pequenas e estériles louvanzas cara o nosos colectivo por parte do PP, que van a ningures, e á hora da verdade o que supuña un gran avance para nos a custe cero para a administración saldouse cunha nova derrota para o SPDCIF, outra manobra do PP na súa afrenta para o acoso e derribo deste colectivo.

O partido popular negouse a citada calificación do persoal de incendios alegando que a maior parte do traballo realizado por este persoal corresponde a labores de prevención e non de extinción, algo que dende esta central sindical nos parece totalmente incorrecto.

Os traballadores do servizo de extinción de incendios non só adican a maior parte do seu traballo a extinción, senón que tamén soportan o índice máis alto de lumes de todo o estado español.

É incomprensíbel que a xunta de Galicia denegue esta calificación cando outras comunidades autónomas como Aragón e Extremadura xa o ten concedido e comunidades como La Rioja xa están iniciando os trámites para a súa declaración.

Non deixa de ser una contradición que a propia Xunta de Galicia non teña adicada ningunha partida económica para prevención, tendo ao seu persoal sen poder facer ningún tipo de traballo de prevención xa que non hai cartos nin para mercar discos para as desbrozadoras, pola súa contra permítese o luxo de contratar un helicóptero con brigada para tres campañas por valor de máis de nove millóns de euros.

Por outra banda resaltar o apoio unánime e conxunto da oposición coa nosa proposta dende o primeiro momento, e salentar tamén que non deixa de ser feito histórico que tódolos grupos da oposición avalaran a nosa proposta e acadaramos deles un compromiso firme cara o futuro para que cando cambie o goberno se consolide a reclasificación.

Remata aquí unha primeira fase desta nosa loita cara o conqurimento da categoría de Bombeiro forestal, sabedores de que era o camiño máis curto e efectivo, xa que se produciría de xeito e instantáneo.

Subimos outro chanzo e agora centraremos na vía xudicial para acadar o que consideramos xusto e necesario, motivo polo cal xa puxemos en mans da asesoría xurídica este tema, xa que consideramos ilegal que a día de hoxe non sexamos bombeiros forestais.

CRONOGRAMA

1. venres 27 de febreiro reunímonos co grupo parlamentar do Partido Popular. Na xuntanzas defendemos a existencia dun marco legal claro para o establecemento da categoría de Bombeiro Forestal. O grupo do PP considerou a nosa proposta e dixo que a ían estudar.
2. luns 2 de marzo reunímonos co grupo parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda e co Bloque Nacionalista Galego e tamén lles plantexamos a petición de recoñecemento da categoría de Bombeiro Forestal e indicámoslle a existencia dun marco legal que permite o recoñecemento.
3. O Martes 10 de Marzo ó grupo parlamentar do PSOE, do cal obtivemos o compromiso de presentar inmediateamente diante do pleno do parlamento unha proposición non de lei para obter o recoñecemento da categoría de Bombeiro Forestal.
4. Venres 10 de Abril, trátase este tema en comisión paralaamentaria e o P.P. vota en contra da proposta.
5. O 6 de Xuño trátase a proposta en pleno e o PP como era de agardar vota en contra da proposta co voto a favor do resto de grupos políticos. Resaltar que se nos negou a dereito a asistir convidados ó parlamento por parte da presidencia da mesa.....
6. CONTINUARÁ.....



FOI NOTICIA!!!

CIG informa do mes de xuño de 2003 (Consellería de Medio Ambiente)

Delegados da CIG mantiveron conversas a pasada semana coa responsable de persoal Lourdes Batán sobre a Circular da Secretaría Xeral do 6 de maio sobre as vacacións, circular que se foi espallando despois polos centros da Consellería.

O 3 de xuño a CIG presentou escrito á Secretaría Xeral sinalando:

- Que o punto segundo da Circular (“as vacacións disfrutaranse preferentemente e como regra xeral no mes de agosto”) vulneraba a normativa e os dereitos do persoal.
- A restricción das “necesidades do servizo” ten que ser acreditada dun xeito concreto por UNIDADES e non cunha declaración xenérica da secretaría xeral.
- No punto terceiro da Circular compre aclarar o que posiblemente é un erro: o principio xeral é a escolla polo funcionario do período de vacacións SO LIMITADO polas necesidades do servizo.
- A restricción subsidiaria ó período 01.07.03 a 15.09.03 non se axusta a dereito por non estar xustificada nin na norma nin nas necesidades do servizo.
- A existencia de petición “motivada” e “xustificada”, ademais de improcedente, significa lesión do dereito constitucional á intimidade.
- A vulneración do requisito de audiencia previa dos órganos de representación do persoal (artigo 69.2 da lei 4/88 de función pública de Galicia e 9.2 da lei 9/1987 de órganos de representación).
- Outras consideracións sobre desacordo con normativa xeral (Orde da Consellería de Presidencia do 3 de maio de 1984,...) e outras deficiencias da Circular.

A CIG solicitou que se deixase sen efecto a circular nas materias sinaladas e que se fixera “chegar ó persoal afectado a oportunidade de rectificar as súas peticións na medida en que foran eventualmente afectadas pola aparencia de obriga creada por esa instrucción”.

Lourdes Batán amosouse receptiva ás cuestións que lle presentamos e indicou que non habería problema para chegar ás solucións necesarias en cada caso.

Dende a CIG manifestámoslle que é necesario rectificar por escrito. Non obstante a día de hoxe poñemos todo isto en coñecemento do persoal afectado co fin de que escollades a solución por persoas ou unidades:

- Dirixirse ó servizo de persoal; ou ben,
- Presentar recurso, para o que a CIG ofrece un modelo estándar.

Ademais, se se rexistrasen casos nos que non se chega a solucións satisfactorias, a CIG recorrerá a Circular.

O CONSELLO DE CONTAS E FISCALÍA APRECIAN IRREGULARIDADES NOS CONTRATOS CON INAER

A fiscalía ve indicios na adxudicación por parte de medio rural a INAER avaladas por un informe do consello de contas

Segundo recollía o xornal "El País" na súa edición de Galicia o pasado 24 de Febreiro, a fiscalía e o xulgado de instrucción número tres de Santiago ven indicios de prevaricación na adxudicación dos helicópteros para a extinción de incendios a Inaer por parte da consellería do medio rural.

Tal e como recolle o xornal, "segundo fontes da investigación, esta viuse impulsada por un informe do consello de contas que fai tres meses sinalou diversas irregularidades nos contratos dos helicópteros da Xunta".

Xa no 2012, a CIG denunciara por prevaricación á consellería, secretario xeral, e ó director de montes Tomas Couto, como non, por contratar a dedo os helicópteros para esa campaña.

Daquela a Xunta escudárase coa proximidade da campaña de incendios e que a causa disto non tivera tempo para pedir varias ofertas e optara por a xestión de INAER, empresa que tamén se encargaría da xestión tamén das brigadas por medio da subcontrata natutechnia.

Sobre esta cuestión discrepa profundamente o consello de contas, que considera que se demorou en exceso a convocatoria, a maiores logo houbo unha modificación sustancial das condicións iniciais que serían perniciosas para o correcto desenrolo das condicións de publicidade e transparencia.

Para o consello de contas, daquelas o concurso debera terse repetido.

Segundo demostrara daquela a CIG, mes e medio antes de adxudicarse o contrato, os helicópteros xa estaban despregados nas bases da xunta

A isto continuoulle a contratación de tres helicópteros máis, escudándose a empresa na ausencia de máis empresas competidoras para ofrecer determinados requisitos técnicos.

Continúa o informe do consello de contas desglosando máis irregularidades neste amorío económico entre xunta e INAER, observa irregularidades en sete contratos

En varios contratos, as adxudicatarias orixinais cambiaron a titularidade para integrarse logo en INAER, logo de valorar nos contratos elementos non incluídos no prego de condicións.

Logo prorrogáronse dous anos os contratos, e no 2012 continuaron os servizos sen cobertura contractual.

Todas estas informacións avaladas polo consello de contas non fan máis que avala a nosa tese de connivencia entre xunta e empresas amigas, nun continuo traslado de favores en forma de contratos ó mesmo tempo que se tenta baleirar de contido persoal e eficiencia ó SPDCIF, xa que aínda que nunca o reflexen publicamente, sabemos é o principal obxectivo deste goberno.



NOCTURNIDADE NO PERIODO DE VACACIÓNS

Vimos de recibir unha sentenza favorábel do xulgado do social nº1 de Ourense, na cal se esixe o pagamento da nocturnidade durante o periodo de vacacións.

O V convenio do persoal laboral da Xunta de Galiza reconece o dereito ó cobro da nocturnidade no período vacacional (art 26.5). Dende a Consellería de medio rural non se estaba facendo dito pagamento e despois da negativa trala negociación coa administración, vímonos obrigados a presentar demanda xudicial co resultado de sentenza favorábel e firme a favor dos traballador@s.

Ponse fin así a unha práctica que se repetía con asiduidade nalgúns distritos de dar as vacacións en semanas de noite coa fin de aforrar catro céntimos, facéndolle o xogo á administración para quedar ben en prexuízo d@s interese d@s traballadore@s

Agardamos que administración despois desta sentenza, aplique de oficio a todol@s traballador@s e así non ter que facer mais demandas.

RECUPERACIÓN DA PAGA EXTRA 2012

No DOG do 13 de maio de 2015 publicouse o procedemento polo que as contías previstas na lei de orzamentos 2015 en concepto de recuperación das pagas extra e adicional de decembro de 2012 se amplían ata o 24,04 % dos importes efectivamente deixados de percibir. As ditas cantidades serán equivalentes á parte proporcional correspondente aos primeiros corenta e catro días das mencionadas pagas do mes de decembro de 2012. En resumo, O PERSOAL FUNCIONARIO percibirá

- Paga extra: o equivalente a 22 días.
- Paga adicional do compl. específico: o equivalente a 37 días.

O PERSOAL LABORAL percibirá

- Paga extra: o equivalente a 37 días.
- Paga adicional: o equivalente a 37 días.

* a cantidade total é sobre 4 veces máis que o que se cobrou na nómina de xaneiro.

O aboamento será de oficio para o persoal que estea en activo, mentres que o persoal que non estea en situación de servizo activo a 1 de maio terá que facer unha solicitude dirixida ao órgano correspondente.

SOLICITUDE DISTRIBUCIÓN XEOGRAFICA DAS PROBAS FÍSICAS

Dende CIG, rexistramos un escrito o pasado 24 de Abril diante da consellería de medio rural e do mar solicitando que as probas físicas para o reforzo do verán do decreto 37/2006, se celebraran en tódolos ditritos para evitar así un gasto excesivo nos desprazamentos e evitar que este nas condicións actuais sexa un factor excluinte.

Bombeiros galegos desenvolven accións contra a privatización do servizo e convocaron manifestación en Compostela

As mobilizacións, convocadas pola Mesa Intersindical, tiveron lugar por todo o país baixo o lema 'Rescátanos'

Os distintos corpos de Bombeiros de Galiza, tanto de xestión directa como indirecta, desenvolveron accións coordinadas por todo o país para rexeitar a privatización do servizo e chamar á cidadanía a participar na manifestación que se celebrou en Santiago de Compostela o 15 de maio. As protestas convocadas pola Mesa Intersindical e Bombeiros - onde participa a CIG- desenvolvéronse baixo o lema 'Rescátanos'.

Nesta manifestación asistiron compañeir@s do SPDCIF da CIG compartindo boa parte das reivindicacións c@s outr@s corpos de bombeiros para facer fronte as agresións do goberno do PP contra o noso colectivo.



"EUROPEAN FLAMES" CITA EN BRUXELAS CON BOMBEIROS FORESTAIS DE TODA EUROPA

Durante os pasados 27 e 28 de Maio, unha delegación de Bombeiros forestais de distintos puntos da xeografía Europea, asistiron en Bruxelas a unha comisión do parlamento Europeo para expoñer as diferentes problemáticas do noso sector.

A esta visita foi convidado pola plataforma PASBF que aglutina organizacións de todo o estado español o compañeiro da CIG Manuel Méndez "Sankei".

Durante dúas xornadas, aínda que ó final se viron recortadas por problemas no transporte alleos ó acto, participaron nunha conferencia baixo o nome "europa en llamas" con membros dos partidos da esquerda europea entre os cales se atopaban deputad@s de Alternativa Galega de Esquerda, Podemos, Siryza, Izquierda Plural, Bloco de Esquerdas... así tamén como polo comisario Europeo do sector.

Fixemos así chegar a nosa voz, alertando sobre os perigos de xestión do negocio do lume, do trasvase destes sectores públicos a mans privadas e da mala xestión e uso dos fondos de prevención, aparte de intercambiar opinións e coñecementos tanto técnicos como legais c@s demais bombeiros forestais do estado español.